



## FUNDACIONES E CONSORCIOS



## VII. FUNDACIÓNS E CONSORCIOS

A Lei 3/2009, pola que se modifica o artigo 48 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, inclúe dentro do ámbito dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, os orzamentos das fundacións e os consorcios nos que concurren os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

### VII.1. FUNDACIÓNS

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire a Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

Neste senso, a Lei 12/2006, de fundacións de interese galego, no artigo 58 define como fundacións do sector público de Galicia aquelas fundacións constituídas maioritariamente ou na súa totalidade por aportacións da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, seus organismos públicos e demais entidades ou empresas do sector público autonómico; ou aquelas cuxos ingresos proveñan maioritariamente de subvencións con cargo aos orzamentos da Comunidade, sempre que neste último caso ésta forme parte dos seus órganos de goberno ou dirección.

O artigo 60 da citada lei, na alínea 4 establece que as fundacións do sector público de Galicia en materia de orzamentos, contabilidade e auditoría de contas estarán sometidas ao disposto no texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

As fundacións deberán presentar a seguinte documentación orzamentaria: orzamentos de Explotación e Capital e estados financeiros complementarios, debendo adaptarse ao disposto no Real Decreto 776/1998, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e sempre que non contradiga o Real Decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública.

Neste senso, a Resolución de 12 de xullo de 2010 da Dirección Xeral de Orzamentos ao abeiro da Orde do 18 de maio de 2010, da Consellería de Facenda, para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011 establece os formatos aos que debe acomodarse a súa presentación.

Sen prexuízo do anteriormente disposto, deberase ter en conta as fundacións públicas sanitarias. A Disposición Adicional Segunda da Lei 12/2006, de fundacións de interese galego, establece que estas últimas regularanse pola súa normativa específica, é dicir, pola Lei 7/2003, de ordenación sanitaria de Galicia e polo tanto o disposto no capítulo X da Lei 12/2006, só será

de aplicación supletoriamente. Nembargantes en materia orzamentaria, financeira e de control someteranse, tal e como prevé o artigo 72 na alínea 5 da Lei 7/2003 ao disposto no TRLRFO e polo tanto será de aplicación o disposto no parágrafo anterior.

### Fundacións

	2011	
	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.787	163
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	12.777	21.665
Fundación Pública Escola Galega Administración Sanitaria	2.426	151
Fundación Pública Urgencias Sanitarias Galicia 061	49.035	290
Instituto Galego de Medicina Xenómica	3.254	117
Fundación Galicia Europa	1.340	57
Fundación Impulso, Autonomía e Atención á Dependencia	907	55
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	468	1.007
Fundacións Feiras e Exposicións Desenvolvemento de Galicia	773	0
Fundación Calidade Industrial e Desenv.emento Tecnolóxico	14.501	2.097
Instituto Feiral de A Coruña	1.876	97
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.075	471
Fundación Deporte Galego	4.416	142
Fundación Illa de San Simón	224	30
Fundación Pública Centro de Transfusión	25.803	794
Fundación Semana Verde de Galicia	3.965	1.127
Fundación Centro de Supercomputación Galicia	7.347	6.866
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	483	35
Fundacións Feiras e Exposicións de Lugo	929	1.688
<b>TOTAL</b>	<b>134.382</b>	<b>36.852</b>

(Miles de Euros)

### Fundacións

	2011	
	Subvencións de explotación	Subvencións de capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.523	0
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	2.641	10.849
Fundación Pública Escola Galega Administración Sanitaria	2.399	0
Fundación Pública Urgencias Sanitarias Galicia 061	44.400	0
Fundación Galicia Europa	717	0
Fundación Impulso, Autonomía e Atención á Dependencia	729	7
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	469	600
Fundación Calidade Industrial e Desenv.emento Tecnolóxico	2.850	0
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	466	60
Fundación Deporte Galego	2.375	0
Fundación Illa de San Simón	281	10
Fundación Galega Formación para o Traballo	500	0
Fundación Pública Centro de Transfusión	133	0
Fundación Centro de Supercomputación Galicia	750	0
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	53	0
Fundacións Feiras e Exposicións de Lugo	80	0
Fundación Rof Codina	210	0
<b>TOTAL</b>	<b>60.575</b>	<b>11.525</b>

(Miles de Euros)

## VII.2. CONSORCIOS

No referente aos consorcios, son entes de dereito público constituídos con carácter voluntario entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma ou os seus entes públicos e outras administracións públicas ou entidades públicas e privadas, que carecen de ánimo de lucro e cuxo obxectivo será o cumprimento de fins de interese público ou utilidade social.

Os consorcios teñen personalidade xurídica propia diferenciada, patrimonio e tesourería propias e actúan sometidos ao dereito público.

Os consorcios deberán presentar a seguinte documentación orzamentaria: estados de gastos e ingresos, e de tesourería. Neste senso, a Resolución de 12 de xullo de 2010 da Dirección Xeral de Orzamentos ao abeiro da Orde do 18 de maio de 2010, da Consellería de Facenda, para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2011 establece os formatos aos que deben acomodarse.

### Conorcios

	2011	
	Ingresos	Gastos
Conorcio Audiovisual de Galicia	833	833
Conorcio Galego de Servicios de Igualdade e do Benestar	59.779	59.779
Instituto de Estudos Turísticos de Galicia	623	623
<b>TOTAL</b>	<b>61.235</b>	<b>61.235</b>

(Miles de Euros)

### Conorcios

	2011	
	Tranferencias correntes	Tranferencias de capital
Conorcio Audiovisual de Galicia	346	160
Conorcio Galego de Servicios de Igualdade e do Benestar	40.330	2.973
Instituto de Estudos Turísticos de Galicia	304	120
<b>TOTAL</b>	<b>40.979</b>	<b>3.253</b>

(Miles de Euros)

